GALICIA SEN LIBROS

Informe sobre o libro galego

Xulián Maure Rivas

G
87

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

XULIÁN MAURE RIVAS

GALICIA SEN LIBROS

Informe sobre o libro galego. 1986

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Santiago, 1987

I.S.B.N.: 84-505-5558-2
Depósito Legal: C-320-1987
Imprenta MINERVA - Polígono Industrial do Tambre - Gutenberg, 5 - Santiago.

Ós nenos galegos que,
inocentemente,
inda non descubriron
o pracer da lectura.

"Despois dos chamados 'anos mouros' que cubren os anos da Guerra Civil e a década dos corenta, é certo que partindo de 1950, ano no que se fundou en Vigo a Editorial Galaxia, lévanse publicado varios centos de libros galegos. A Galaxia engadíronse posteriormente outras editoriais (Castrelos, As Edicións do Adro, Xistral, Edicións do Castro, etc.). Todas elas fan unha meritoria laboura cultural; mais, confesémolo, o que fan é ben pouco. Esa é a conclusión á que se chega fatalmente se se encara o problema cun criterio de análise realista."

CAMBRE MARIÑO, 1973: *Galicia de hoxe,* B. Aires.

"É necesario que os nosos libros conteñan todo aquilo que pertence á plena cultura dos espíritos para que a ninguén estea vedado aprender aquilo que pode aprender."

COMENIUS, 1632: *Didactica Magna.*

INTRODUCCIÓN

Antes de analiza-la producción de libros galegos, cómpre indica-las máis importantes funcións que ten o libro en xeral como instrumento de comunicacións cualificadas, nos pobos que van hoxe na avangarda cultural.

O libro, en primeiro lugar, segue representando, malia a invasión da comunicación visual de soportes magnéticos, unha das testemuñas máis completa da nosa época. O libro é o camiño principal por onde as artes, as ciencias, os pensamentos e os sentimentos chegan a ser patrimonio común de tódolos homes.

Outra función que fai o libro nas sociedades desenvolvidas é satisface-las necesidades lúdicas dos cidadáns. O pracer da historia primeiro, e o pracer do texto despois, deben estar garantizados para tódolos homes cultos. E, a lo menos en teoría, tódolos componentes dunha comunidade social hoxe están destinados a un mínimo nivel cultural que lles permita ser fruidores do libro, lectores activos e gozosos.

Nesta época nosa, na que se impón unha constante revisión dos valores recibidos, as novas técnicas e descubrimentos presentan problemas e prospectivas hai pouco insospeitadas. E urxente destaca-lo valor da palabra escrita, elemento fundamental da transmisión do saber e da súa capacidade de controlalo críticamente.

O último artigo da *Carta do Libro,* aprobada pola UNESCO, afirma que os libros serven á causa da comprensión internacional e da cooperación pacífica.

Estas catro funcións: testemuña da nosa época, instrumento de fruición multigrado, transmisor de saberes críticos e suscitador da intercom-

prensión humana, son catro funcións que lle dan ó libro unha importante dimensión social. Unha comunidade lingüística que non pode satisfacer estas funcións do libro na súa propia lingua e ten que acudir a outra, co tempo irá caendo na dependencia total da outra comunidade lingüística. Neste aspecto xa son clásicas as palabras de Robert Lafont: "Hai un proceso sociolóxico paralelo entre a alienación cultural das etnias e a alienación económica da rexión".

A PRODUCCIÓN DO LIBRO GALEGO

No último lustro apareceron na prensa galega notas entusiastas sobre a producción editorial en Galicia, basadas no incremento anual dado en porcentaxes referidas á producción do ano anterior. Así, no ano 1983, incrementouse nun 25% o número de títulos publicados en lingua galega, mentres que o dos títulos casteláns baixou un 3,5%. Estas porcentaxes encobren unha realidade ben distinta: nese ano de 1983 imprimíronse 26.457 títulos en castelán e soamente 273 en galego.

Para poder avalia-la situación editorial en Galicia pódenos ser máis útil dirixi-la nosa mirada cara ó noso arredor e ó noso futuro ca ó noso pasado. Ese punto de mira máis útil é o que está presente na seguinte análise, que tendo como modelo a norma europea, marca a grande distancia que nos cómpre salvar para acada-la normalidade editorial de Galicia.

1. Número de habitantes por cada título anual

Este índice de miles de habitantes por título/ano require una adaptación a cada unha das colectividades onde se aplica, e non se pode facer con el un uso mecánico. Así podería sorprender que en Hong Kong cunha poboación de máis de cinco millóns teñan unha producción anual de 4.800 títulos acadando un índice de 1.095 habitantes por título; mentras en Checoslovaquia, con máis de quince millóns de cidadáns, so teñan unha producción anual de 10.500 títulos, que dan un índice de 1.465 habitantes por título/ano. Pero ó compara-las porcentaxes da poboación universitaria das dúas colectividades, vemos que o nivel de Checoslovaquia con un 1,24% de universitarios sobre a poboación total é máis de vinte veces superior ó nivel de Hong-Kong que baixa a un 0,059%. A maior parte dos libros impresos en Hong-Kong están destinados á exportación. Impréntanse na colonia, pero pertencen a editoriais europeas ou

americanas. Polo contrario os libros producidos en Checoslovaquia son para o consumo propio. Este índice soamente é válido para compara-los distintos centros editores das sociedades que teñen certa homoxeneidade.

No cadro que segue indícase en columnas, con datos referidos a 1983, a poboación, superficie, renda per capita en $ USA, producción anual en número de títulos e miles de habitantes por título anual, correspondentes a distintas colectividades que teñen certos rasgos comúns con Galicia. Todas elas son usufructuarias dunha lingua propia: galego, albanés, hebreo, neerlandés, danés, finlandés, sueco, húngaro e portugués, e o futuro destas linguas depende só destas comunidades lingüísticas, agás no caso do portugués.

CADRO 1

Comunidades Lingüísticas	Poboación	Superficie en Km^2	Renda P/C en $ USA	Títulos/ano no 1983	Miles habitantes por título anual
GALICIA	2.753.000	29.434	2.819	273	10,084
ALBANIA	2.841.000	28.748	820	1.149	2,472
ISRAEL	4.129.000	20.770	5.360	1.990	2,074
HOLANDA	14.410.000	41.170	9.910	13.324	1,081
DINAMARCA	5.114.000	43.000	11.490	10.189	0,501
FINLANDIA	4.863.000	337.032	10.440	7.436	0,653
SUECIA	8.331.000	449.964	12.444	8.509	0,979
HUNGRIA	10.672.000	93.030	2.150	8.810	1,211
PORTUGAL	9.946.000	92.082	2.190	6.714	1,481

No cadro pódese ver que paises cunha renda per capita inferior á galega como Albania, Hungría ou Portugal, teñen unha producción libreira catro, oito ou sete veces superior á producción de libros galegos. Pero se se

poñen os ollos e as aspiracións nos países máis adiantados e con maior nivel de vida como Dinamarca, Finlandia ou Suecia, o esforzo productivo aplicado ó libro galego haberá que multiplicalo por vinte, quince ou dez respectivamente. Unha producción de libros próxima ós mil habitantes por título debería se-la meta de normalidade que acadase Galicia antes de remata-lo século. É unha meta xa superada por países tan achegados como Bélxica, Suiza, Noruega, Holanda e mesmo a España de lingua castelá.

Despois destas comparacións podemos concluír que a situación editorial de Galicia neste ano 1986, no que celebramo-lo centenario do nacemento de Castelao, chega a unha insuficiencia do noventa por cento. Prodúcese só o dez por cento das necesidades editoriais que ten a poboación galega se ha de normaliza-la súa cultura.

2. A lingua dos libros galegos.

Xa pasaron os anos en que a mellor oferta de libros galegos estaba na emigración. Hoxe as forzas creadoras galegas teñen en Galicia o seu espacio natural de actuación. Se Galicia ha de ter un futuro culto será cunha producción editorial autosuficiente. No cadro nº 2 aparecen os datos das edicións galegas dos seis últimos anos. Na columna *A* témo-lo total dos libros publicados en Galicia, que se desglosan na columna *B* (en lingua castelá) e na columna *C* (en lingua galega). Na seguinte columna *D* aparece o número de títulos publicados en galego fóra de Galicia, e na derradeira columna está a suma das dúas anteriores *(C + D)*, ou sexa os libros publicados en galego cada ano dentro e fóra de Galicia.

CADRO 2

ANO	A	B	C	D	E
1980	303	158	145	42	187
1981	393	230	163	38	201
1982	422	250	172	46	218
1983	351	163	188	85	273
1984	445	272	173	85	258
1985	518	282	236	59	295
TOTAL	2.432	1.355	1.077	355	1.432

Nótase de contado a importancia das editoras non galegas, que, no total dos seis últimos anos, aportaron o 25% da producción de libros en galego. De cada catro libros en lingua galega, un provén dunha editorial non galega. A baixada desta aportación foránea que se rexistra no último ano, 1985; débese en parte a que libros de colecciónS da empresa madrileña Ediciones S.M. aparecen agora baixo o selo da Editorial Galaxia, S.A.

As aportacións das editoriais non galegas corresponden casi exclusivamente a dous capítulos: libros de texto, con frecuencia adaptando os xa existentes en castelán, e pequenas tiradas (arredor de 1.500 exemplares) de libros infantís aproveitando as impresións a toda color que fan en castelán ou en catalán. Moitos destes libros infantís entran máis ben na categoría de folleto; así dos dezasete títulos publicados en galego por la editorial catalana Argos Vergara S.A. en 1985, nove non teñen máis ca 24 páxinas e os oito restantes só chegan a 34 páxinas. Estes libros galegos que comparten mercado coa edición en castelán, ás veces máis barata, teñen unha saída moi lenta que desanima ós editores non-galegos.

O Real Decreto 20 de xullo 1979 nº 1981/79 incorpora a lingua galega ó sistema de ensinanza co que se abriu para as empresas editoras un novo campo de grandes posibilidades. Lamentablemente a iniciativa

privada non aproveitou esta oportunidade. No cadro 2 podemos ver que dunha producción máis ou menos equilibrada en 1980 (158 títulos en castelán e 145 en galego), chegamos ó final de 1985 en que a suma dos libros producidos por editoras galegas en castelán (1.355) supera nun 25% ós títulos producidos en galego polas mesmas empresas no mesmo período (1.077).

Coa integración da lingua galega nas distintas áreas de ensino, promovida pola recente resolución da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia de 4 de xuño de 1986, aumentará a incidencia no mercado galego das editorais non galegas adicadas á produción de libros de texto. As ofertas destas grandes editoras non galegas serán fundamentalmente a base de productos xa elaborados en castelán adaptados ou simplemente traducidos en lingua galega.

3. Producción de libros desde 1970

No cadro nº 3 pódese ve-la producción de libros que se fixo en España nos tres últimos lustros. Os datos están desglosados segundo as distintas linguas: galego, catalán, euskera e castelán. Na columna que segue a cada lingua aparece a porcentaxe correspondente sobre o total de producción de cada ano.

Nunha simple lectura destes datos vese que a lingua galega é a menos favorecida no mundo editorial e que os seus niveis son tan baixos que cada ano que pasa aumenta o saldo negativo entre os libros que se deberían producir e os que realmente se producen. Sumando as columnas da producción galega e da castelá conseguimos 2.181 títulos en galego frente a 351.262 títulos en castelán. Esta desequilibrada oferta produce na poboación galega hábitos de lectura diglósica: o libro castelán abrangue tódolos campos de cultura mentres o libro galego queda confinado ós eidos da lírica e folclore autóctonos e agora tamén ó ensino da lingua galega e dalgunhas publicacións oficiais.

Ó compara-la situación do libro en Galicia cos datos referentes ó País Vasco vese unha pequena avantaxe a favor do libro vasco, mais as dúas situacións son ben críticas e precisan de medidas urxentes que leven as súas producción editoriais a niveis de normalidade.

CADRO 3

Producción de libros desde 1970 nas distintas linguas, con porcentaxes sobre o total

ANO	GALEGO	% s/total	CATALÁN	% s/total	EUSKERA	% s/total	CASTELÁN	% s/total
1970	31	0,24	405	2,96	86	0,63	13.000	95,31
1971	32	0,22	313	2,17	46	0,32	13.873	96,48
1972	32	0,21	290	1,89	39	0,25	14.726	96,67
1973	53	0,24	444	2,05	87	0,41	20.662	95,67
1974	48	0,25	577	3,08	92	0,49	18.003	96,16
1975	68	0,38	590	3,32	165	0,93	16.904	95,35
1976	79	0,36	855	3,90	138	0,63	20.803	95,09
1977	102	0,42	1.015	4,22	128	0,53	22.789	94,18
1978	129	0,52	1.132	4,63	156	0,63	23.030	94,20
1979	175	0,69	1.321	5,26	223	0,88	23.357	93,14
1980	187	0,67	1.722	6,23	247	0,89	25.473	92,19
1981	201	0,68	2.140	7,30	224	0,76	26.721	91,24
1982	218	0,72	2.175	7,21	338	1,12	27.396	90,93
1983	273	0,92	2.375	8,05	379	1,28	26.457	89,73
1984	258	0,83	3.018	9,81	450	1,46	27.026	87,87
1985	295	0,84	3.481	9,98	375	1,07	30.611	88,08
TOTAL	2.181	0,57	21.853	5,77	3.173	0,83	351.262	92,81

En Galicia segundo a *Encuesta de Comportamiento Cultural de los Españoles* hai un 27% que di non ler nada en galego mentras que no País Vasco chega a un 67% os que non len nada en euskera. A situación galega por ser menos tráxica é mais lamentable a súa falla de normalización. Hoxe por hoxe o lector *potencial* galego segundo a enquisa citada está cerca dos niveis de lectura dos cataláns na súa lingua catalana. O 73% de galegos e de cataláns len con máis ou menos dificultades nas súas respectivas linguas, pero os cataláns desde o ano 1970 produciron 21.853 títulos e en Galicia os citados 2.181, exactamente o 10%. E frecuente a queixa de intelectuais e políticos cataláns ante a súa insuficiente producción de libros en catalán. Supoñendo que a actual producción catalana fose suficiente para a colectividade galega, co ritmo productivo que teñen hoxe as editoras galegas (300 títulos por ano) tardaríanse 65 anos para consegui-los 19.672 títulos en que superou a producción catalana á galega nos últimos dezaseis anos.

Queda patente que non podemos seguir en Galicia moito tempo máis con este ritmo tan lento de producción editorial, pois realmente cada día que pasa estamos máis lonxe da normalidade.

4. A producción editorial galega de 1985

A. Editoriais

A evolución do mundo editorial galego vén presidida pola falla de planificación social e obedece ás máis dispares iniciativas privadas. As tres empresas editoriais galegas máis importantes hoxe en día: *Ediciós do Castro, Edicións Xerais* e *Editorial Galaxia* están acompañadas tódolos anos por pequenas editoras que fan a aportación de dous ou tres títulos: *Algalia, Cerne, Nós, Irimia, Follas Novas, Sept, Edigal, Souto, Celta, Xistral*... e algunha que outra máis. Estas pequenas editoras, todas xuntas, publicaron 38 títulos en 1985, que, unidos ós 12 libros editados polos seus propios autores, supoñen máis da sexta parte da oferta editorial en lingua galega do ano pasado.

Esta situación, ademais de insuficiente, é de total inestabilidade. As tres principais editoras teñen o seu tendón de Aquiles. Edicións Xe-

rais, hoxe por hoxe a de maior viabilidade económica, está adicada fundamentalmente ós libros de texto e ós complementos de literatura infanto-xuvenil. O punto débil de Galaxia está no que se pode presentar como as súas últimas aportacións máis importantes: a Biblioteca Básica da Cultura Galega, xenerosamente subvencionada polas catro Deputacións de Galicia, e a unión para producir libros de texto e de literatura infantil coa Editorial S.M. As dúas operacións produciron máis beneficios internos á empresa ca sociais á colectividade galega. Edicións do Castro é a editorial máis espléndida e acolledora: non busca a súa financiación nin nos lectores como Edicións Xerais, nin tivo as pingües axudas das institucións públicas como Galaxia. Esta editorial débese fundamentalmente ó mecenato do grupo de Isaac Díaz Pardo. Por esa mesma razón ten a producción máis desigual e anárquica, aceptando textos castelán ou galegos e estes adornados coas máis variadas heterografías.

O pasado ano 1985 foi o de maior producción de títulos na historia editorial galega. Entre libros e folletos acadouse a cifra de 295. Da comparación coas producións europeas (cadro 1) queda patente o baixo nivel da galaxia Gutenberg galega. Da comparación coa producción castelá (cadro 3) queda ben clara a impotencia para supera-la contaminación editorial, que supón máis de cen libros castelán en 1985 por cada título en lingua galega; e se temos en conta a oferta acumulada nos últimos anos, por cada libro galego pousado nos andeis das librerías pode haber cerca de dous centos libros castelán. A esta situación de "bilingüismo editorial" descompensado e colonial habería que engadi-la casi total ausencia da nosa lingua nos medios de comunicación que operan en Galicia baixo o control das empresas privadas. Máis dunha vez fixemos referencia á invasión mesual de máis dun millón de exemplares de todo tipo de revistas de masas que chegan a Galicia, todas elas portadoras de xermes lingüísticos castelán, contra os que non hai defensa nin contrapartida na producción editorial galega. Hai que recoñecer, sen entrar agora en valoracións de calidades, que os únicos medios de comunicación de masas galegos son a empresa Radio Televisión Galega, organismo autónomo da Xunta de Galicia e o semanario nacionalista *A Nosa Terra.*

A revista *El libro Español* números 333-334-335, que publica os datos estadísticos da producción de libros en España no ano 1985, non fai referencia ás distintas empresas editoras que participaron nesa pro-

ducción. Para a elaboración da información que segue partimos dos datos que ofrece o *Anuario La Voz de Galicia 1986* no apartado "Libros publicados en gallego (Octubre 1984 - octubre 1985)", páx. 396. Inda que hai pequenas variacións por referirse os dous informes á distintos meses (El Libro Español de xaneiro e nadal 1985 cunha producción de 295 títulos en lingua galega, e o Anuario da só referencia de 280 libros producidos de outono a outono) con todo os datos son igualmente significativos.

Nos gráficos seguintes represéntase a participación de cada sector editorial na producción de libros galegos nos doce meses anteriores a novembro de 1985.

PRODUCCION EDITORIAL 1985: TOTAL: 295 títulos



PRODUCCION EDITORIAL 1985: NOVIDADES: 243 títulos



PRODUCCION EDITORIAL 1985: REEDICIONS: 52 títulos



Se prescindimos das tres editoriais citadas como as máis importantes que producen o 46% dos títulos galegos, o minifundismo da industria do libro en Galicia é o sistema dominante. No apartado das Institucións están englobados, entre concellos, caixas de aforros, centros universitarios, consellerías, deputacións e museos, 17 centros editores, que produciron no período estudiado nada máis ca 38 títulos. No grupo das pequenas editoras galegas hai 18 empresas de índole familiar, confesional ou política, que conseguiron editar en todo un ano outros 38 títulos. Por último no sector das editoriais non galegas, encóntranse 9 empresas e fixeron unha producción de 49 títulos. Neste grupo é importante o labor de Argos Vergara que editou en galego 17 libros infantiles de grande calidade.

Na presencia das editoriais foráneas na producción do libro galego en 1985 hai dúas novidades significativas. Por un lado a escasa actividade de Akal Editor que se limitou a publica-lo *Diccionario de usos castellano-gallego* e no mesmo período do ano anterior non produciu máis de tres títulos, cando foi un dos grandes partícipes no rexurdimento do libro galego dos anos setenta. A outra novidade é de signo positivo e ten como protagonista ó novo editor Olegario Sotelo Blanco, que desde Barcelona vén aportando modernidade técnica e empresarial ás edicións galegas e que para maior eficacia está trasladando o seu centro editorial á capital de Galicia.

B. Materias

No cadro nº 4 aparece repartida por materias a producción editorial galega segundo o Anuario de La Voz de Galicia. A comparación con cadros semellantes da producción editorial en lingua normalizada descobre os signos da anormalidade editorial galega.

CADRO 4

MATERIAS	TITULOS	%
LITERATURA		
– Poesía	56	20,00
– Teatro	6	2,14
– Narrativa	34	12,14
TOTAL	96	34,28
ENSAIO	65	23,21
ENSINO	36	12,85
INFANTOXUVENIL	70	25,00
TEXTOS OFICIAIS	12	4,28

En primeiro lugar o libro escolar ocupa o 12,85% da producción editorial e céntrase fundamentalmente nos niveis de EXB e algo no ensino medio; e por suposto que estes libros escolares están casi reducidos á área de lingua e literatura galegas. Frente a ese 12,55% a producción castelá queda nun 5,6% sobre os 34.752 títulos do ano 1985; pero o libro escolar castelán cubre tódalas áreas de ensino e non só a lingua e literatura castelás. Pode parecer paradóxico que habendo libros de galego só na asignatura de lingua e literatura galegas estes libros supoñan o 12,55% da producción galega e o 5,6% da producción castelá atenda tódalas asignaturas do ensino castelán cun total de 1.946 títulos. Pero a paradoxa desaparece ó saber que o 12,55% da producción galega supón nada máis ca 36 libros escolares.

A mesma irregularidade atopamos se analizamo-lo libro infanto-xuvenil, que no ano 1985 chegou en Galicia ó 25% do total da producción editorial. No resto de España os libros adicados á infancia e a xuventude queda nun 15,23%; pero os nenos casteláns falantes tiveron no ano pasado 5.293 títulos de literatura e ocio e os nenos galegos tiveron de resignarse con 70 títulos. Destes setenta libros adicados ó mundo

infanto-xuvenil galego, máis de corenta non chegan a cincuenta páxinas e teñen un texto moi reducido por ter unha gran proporción de ilustracións.

A edición de obra lírica en galego é tan desmedida que quintuplica a porcentaxe da producción de poesía en lingua castelá, que foi para o pasado ano dun 3,87%. Igualmente hai que advertir unha inversión nas relacións entre poesía e narrativa: mentras en castelán por un libro de poesía hai máis de dous de narrativa, en galego por cada título de narrativa hai 1,56 de poesía. Os poetas galegos ocupan o 20% da producción total.

Hai cantidade de materias que nunca ou case que nunca foron incorporadas ó mundo do libro galego. Materias que o escolar ou o adulto galego ten de ler noutros idiomas, fundamentalmente en castelán. No cadro nº 5 pódese ve-la impresionante oferta de libros casteláns que nun só ano saíu das editoriais españolas. Mentras un galego non poida ler sobre as materias que aparecen no cadro nº 5 na súa propia lingua, Galicia non será unha comunidade lingüísticamente normalizada.

CADRO 5

MATERIAS	TITULOS EN CASTELÁN NO ANO 1985
Cibernética	626
Filosofía	330
Psicología	452
Teoloxía moral e práctica. Ascética e Mística	364
Socioloxía. Estadística	128
Economía política e social. Econ. industrial	403
Dereito público, político, administrativo	499
Sistemas educativos. Pedagoxía	722
Física. Resistencia de materiales	109
Patoloxía. Clínica médica. Terapéutica	617
Hixiene. Saúde pública. Inspección sanitaria	200
Enxeñería mecánica. Electrónica	251
Gandeiría, apicultura, zootecnia	106
Cociña, gastronomía	354
Arquitectura. Urbanismo	324
Música e instrumentos musicais	315
Xeografía rexional. Guías de viaxeiro	762
TOTAL	34.752

C. Traduccións

Finalmente cómpre analiza-la presencia das traduccións nas edicións galegas. En 1985 traducíronse 59 títulos con un total de 4.853 páxinas que dan unha media de 82 páxinas por libro traducido. Isto supón un

21% do total editado e a porcentaxe non está lonxe da correspondente ás edicións en castelán que foi nese mesmo ano un 27,15%. Con todo a insuficiencia das traduccións galegas é patente pois dada a curta producción interior o único camiño que queda de normalización editorial é a incorporación ás nosas letras das literaturas máis importantes da historia.

A capacidade traductora da sociedade galega é moi limitada e hoxe non cubre as propias necesidades mínimas. Das 59 obras traducidas que aparecen no Anuario xa citado, 17 corresponden á autoría do profesor Xavier Senín cun total de 669 páxinas; o profesor Valentín Arias é o traductor de 15 libros que chegan a 902 páxinas. Os restantes 26 títulos, que supoñen 3.092 páxinas, foron traducidos por dezanove traductores. Vese unha gran concentración en dous traductores, que son os responsables da mitade dos libros traducidos, ou se temos en conta as páxinas traducidas, débense a eles a terceira parte das 4.853 que pasaron en 1985 doutras linguas ó galego.

Neste apartado hai que destacar dous feitos importantes: a concesión do Premio Nacional de Traducción a Teresa Barro e Fernando Pérez-Barreiro pola súa traducción de *Alicia no País das Maravillas*, e sobre todo, o primeiro ano de funcionamento da Asociación de Traductores Galegos (ATG), que preparou a traducción de corenta obras da literatura mundial, subvencionadas pola Xunta de Galicia. É un primeiro paso que marca unha nova sensibilidade ante os problemas do libro galego. Con todo, se volvemos ó espello das edicións casteláns, hai que reconocer que as 59 obras traducidas ó galego e as 40 que esperan xa traducidas en mans da Xunta de Galicia son unha mínima sombra dos 9.437 títulos das traduccións que se publicaron o ano pasado en España.

O gran valeiro da traduccións que existe en Galicia precisa para se encher a publicación de dúas ou tres obras traducidas cada día. Este nivel de producción de literatura extranxeira non se consegue máis que cun programa complexo e ambicioso que comprometa a tódalas forzas culturais e políticas de Galicia.

Hai que lamenta-la falla de coordenación, certamente nada doada, entre a Administración Galega e as empresas editoras, que non conseguiron publica-las corenta traduccións entregadas pola Asociación de Traductores Galegos a principios do ano 1986. Posiblemente isto é un indicio máis de que o sector privado non ten os mesmos intereses que o público.

OS LECTORES GALEGOS

1. Bibliotecas familiares

Non temos unha estadística sobre o nivel de lectura nin sobre a difusión dos libros galegos. Sería aconsellable que a próxima entrega de *Galicia en cifras* do Centro de Información Estadística da Xunta de Galicia presentase medicións da nosa vida cultural partindo de traballos de campo propios. Mentras tanto teremos que informarnos na xa citada *Encuesta de Comportamiento Cultural de los Españoles,* que por suposto, cando fala dos hábitos lectores en Galicia non distingue se o libro lido é galego ou castelán.

Segundo ECCE *(Encuesta de Comportamiento Cultural de los Españoles),* Galicia cun 37% case que duplica a media estatal (20%) dos fogares onde non hai libro ningún. O perfil dos fogares con libros pódese ver nos gráficos dos cadros nº 6. Teñen máis libros os fogares situados en áreas urbanas de máis de 50.000 habitantes, con membros menores de 19 anos, con cabeza de familia menor de 65 anos e en activo, e cos seus estudios rematados, e finalmente que o fogar teña máis de tres membros.

A gran dispersión da poboación galega fai que non existan en Galicia máis ca sete concellos con máis de 50.000 habitantes onde se congrega o 33,11% da poboación galega. O restante 66,89% está disperso en 305 concellos dos que 166 non chegan a 5.000 habitantes. Esta dispersión non favorece a formación de bibliotecas familiares e dificulta o funcionamento dunha boa rede bibliotecaria. No cadro nº 7, que pertence á obra *Galicia en cifras,* pódese ve-la gran diferencia que existe na distribución das poboacións galega e española.

Outra variable que inflúe na formación das bibliotecas familiares é a idade do cabeza de familia. Tamén aquí a situación galega é desfavora-

ble. No cadro nº 8 aparecen as pirámides de idade das catro provincias galegas, e o envellecimento da poboación galega, sobre todo nas provincias do interior, é alarmante. Tamén promove a presencia do libro no fogar a existencia de membros na familia menores de dezanove anos, e nos mesmos gráficos podemos ver que tanto recortadas están as bases.

Os datos que estamos manexando refírense ó libro en xeral e para tódolos fogares españois. No caso galego habería certamente que ter presente a situación lingüística que pode facer do libro un axente alleo ó fogar por estar impreso nunha lingua distinta da familiar.

CADRO 6-I


BIBLIOTECAS FAMILIARES I
+ 500
200 - 500
50 - 200
Miles/hab.
10 - 50
2 - 10
- 2
media 80%
0 10 20 30 40 50 60 70 80 90 100
Fogares con libros

CADRO 6-II


BIBLIOTECAS FAMILIARES II
+ 19 anos
13 - 19 anos
6 - 13 anos
- 6 anos
Membros de - 19 anos
media 80%
0 10 20 30 40 50 60 70 80 90 100
Fogares con libros

CADRO 6-III


BIBLIOTECAS FAMILIARES
III
+ 64 anos
45 - 64 anos
35 - 44 anos
- 35 anos
media 80%
Idade cabeza familia
5 10 20 30 40 50 60 70 80 90
Fogares con libros

CADRO 6-IV


BIBLIOTECAS FAMILIARES (%
+ 5
5
4
3
2
1
Num. Membros da Familia
media 80%
0 10 20 30 40 50 60 70 80 90 100
Fogares con libros

CADRO 6-V


BIBLIOTECAS FAMILIARES V
Univer. G. Super.
Univer. G. Medio
Bacharel sup/BUP
Bacharel elem/EXB
Primaria completa
Primaria sen rematar
Le e escribe
Analfabetos
Estudios Cabeza Familia
media 80%
0 10 20 30 40 50 60 70 80 90 100
Fogares con libros

CADRO 7

Concellos e a súa poboación de feito, clasificados polo número dos seus habitantes. 1981

Habitantes de feito do concello	GALICIA				ESPAÑA			
	Concellos		Poboación		Concellos		Poboación	
	Número	%	Habitantes	%	Número	%	Habitantes	%
0- 2.000 Hbs.	30	9,62	44.591	1,62	5.837	72,76	3.140.271	8,32
2.001- 5.000 "	136	43,59	455.066	16,52	1.094	13,64	3.270.349	8,66
5.001- 10.000 "	94	30,13	653.384	23,73	541	6,74	3.608.023	9,56
10.001- 20.000 "	37	11,86	487.277	17,69	287	3,58	3.872.612	10,26
20.001- 50.000 "	8	2,56	201.807	7,33	159	1,98	4.424.502	11,72
50.001-100.000 "	5	1,60	420.667	15,28	54	0,67	3.567.228	9,45
100.001-500.000 "	2	0,64	491.080	17,83	44	0,55	8.024.510	22,31
500.001 e máis "	–	–	–	–	6	0,07	7.442.765	19.72
Tódolos intervalos	**312**	**100**	**2.753.836**	**100**	**8.022**	**100**	**37.746.260**	**100**

Fonte: INE. *Censo de población, 1981.* Elaboración CIEG

CADRO 8

Pirámides de idade. 1981





Fonte: *Galicia en cifras*, páx. 87.





Nestas bibliotecas familiares de toda España que aparecen estudiadas na ECCE hai unha media de 108 libros e teñen a seguinte distribución por xéneros literarios:

NOVELA	30%
ENCICLOPEDIAS	25%
TECNICOS	14%
HISTORIA	10%
INF/XUVENIL	6%
POESIA	3%
RELIXIOSOS	3%
TEATRO	3%
ENSAIO	2%
RESTO	4%

Comparando esta distribución coa distribución por materias da producción de libros galegos (cadro nº 4) nótanse certas disparidades como a ausencia de libros técnicos e enciclopedias na producción galega. Tamén é significativa a grande proporción das novelas nas bibliotecas familiares. Un dos grandes labores por facer no mundo editorial galego é unha *boa enciclopedia galega en galego.* A enciclopedia que precisa Galicia non por ser galega deixará de ser universal. No campo das enciclopedias temáticas podía servir senón de exemplo, si de orientación, a importante ENCICLOPEDIA EINAUDI, aparecida en Italia en catorce volumes e con 551 entradas, que agorá está adaptando a Imprensa Nacional de Lisboa para os lectores portugueses en 41 volumes.

2. Bibliotecas públicas

No cadro nº 9 recollido de *Galicia en cifras,* aparece a situación dos distintos tipos de bibliotecas públicas que hai en Galicia.

CADRO 9

	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA		ESPAÑA
	Número	% p/G	Número	% p/G	Número	% p/G	Número	% p/G	Número	% GAE	Número
Bibliotecas investigadas:											
Institucións do Ensino Sup.	14	70,00	1	5,00	–	–	5	25,00	20	6,02	332
Escolares	19	40,43	10	21,28	3	6,38	15	31,91	47	7,51	626
Especializadas	13	65,00	1	5,00	–	–	6	30,00	20	4,31	464
Públicas	15	17,86	20	23,81	24	28,57	25	29,76	84	6,19	1.357
Total bibliotecas	**61**	**35,67**	**32**	**18,71**	**27**	**15,79**	**51**	**29,82**	**171**	**6,15**	**2.781**
Fondos, libros, manuscritos e publicacións periódicas (vols.)	627.421	43,89	190.722	13,34	175.805	12,30	435.561	30,47	1.429.509	3,93	36.402.921
Publicacións periódicas (tít.)	2.561	55,73	399	8,68	1	0,02	1.634	35,56	4.595	2,41	190.918

Fonte: *Galicia en Cifras*

Está claro que unha cousa é ter libros e outra cousa é lelos. No cadro nº 9 na columna que dá os totais para Galicia, indícase tamén as porcentaxes relativas ó total de España. As porcentaxes referentes ás instalacións bibliotecarias andan arredor do 7%, cifra próxima ó que representa a poboación galega dentro do total de España. Sería esta unha porcentaxe normal se non houbese en Galicia esa gran dispersión de poboación patente no cadro nº 7 e xa comentada. A insuficiencia dos locais bibliotecarios está agrandada polos poucos fondos que teñen dentro, que non representan nin un 4% dos fondos de toda España. Pero a anormalidade das bibliotecas públicas galegas consiste en que máis do 95% dos 1.429.509 libros que poñen ó servicio do lector galego son libros non galegos.

3. Poboación lectora en Galicia

Certamente Galicia non é un país analfabeto; a súa tasa de analfabetismo está por baixo da media de España como vemos no cadro 10

CADRO 10

	1950	1960	1970	1975
GALICIA	15,86	11,92	9,46	4,9
ESPAÑA	17,33	13,51	8,77	6,6

Pero Galicia sofre un analfabetismo diglósico. As lecturas da poboación galega fanse no 95% dos casos nunha lingua que non é a propia de Galicia. Esta situación leva a que un país alfabetizado lea pouco. Soamente un 37% dos galegos, segundo ECCE, leron libros no último trimestre, adicandolle á lectura un promedio de 33,9 horas nos tres meses. No cadro nº 11 pódese ver como Galicia está nos penúltimos lugares entre os lectores de toda España.

Na lectura da prensa diaria é no único sector que os galegos estamos por riba da media española. Esta pequena ventaxa non impide que ocupe o derradeiro lugar nun capítulo tan importante como a comunicación escrita. Galicia xunto con Extremadura e La Rioja só teñen un 1% de xente que escriba, e á cabeza desta habilidade van os habitantes de Madrid cun 6% e os de Cataluña, Baleares e Navarra cun 5%.

Con todo, segundo os datos xa comentados e que van no cadro nº 12, a poboación galega está cada día máis capacitada para ler na súa propia lingua. A situación de Galicia sigue sendo, entre as comunidades lingüísticas periféricas, a que ten unha poboación máis capacitada para realiza-la inaplazable normalización editorial.

CADRO 11

Relación individual con la expresión literaria

Valores en porcentajes Población +6 años: 34.685.000 Población +14 años: 29.759.000		POBLACION DE 6 AÑOS EN ADELANTE QUE, AL MENOS UNA VEZ CADA TRES MESES...						POBLACION DE 14 AÑOS Y MAS QUE, EN LOS ULTIMOS TRES MESES...					
		Lee diarios	Lee revistas	Lee tebeos	Lee libros	Va a bibliotecas	Escribe	Lee diarios	Promedio horas	Lee revistas	Promedio horas	Lee libros	Promedio horas
	Conjunto nacional	52	52	29	41	11	4	61	41,5	57	28,5	46	40,8
Comunidades Autónomas	Andalucía	36	47	27	33	10	4	45	38,1	52	28,1	36	40,9
	Aragón	58	59	26	41	10	4	45	41,6	65	29,8	48	43,4
	Asturias	67	60	26	39	11	3	80	35,0	67	26,5	42	41,1
	Baleares	60	57	33	44	9	5	74	48,2	57	35,1	51	43,1
	Canarias	56	49	28	36	9	4	67	39,3	55	29,4	44	38,8
	Cantabria	68	59	35	45	10	4	79	47,0	68	31,3	45	50,1
	Castilla-La Mancha	30	38	21	27	10	2	38	38,7	42	25,6	33	36,8
	Castilla-León	51	51	29	40	14	2	62	37,4	60	28,1	44	40,7
	Cataluña	57	55	30	48	13	5	66	42,0	58	26,2	54	40,2
	Extremadura	39	40	23	34	7	1	50	40,3	50	26,2	40	29,9
	Galicia	56	48	26	32	8	1	64	37,8	51	30,8	37	33,9
	Madrid	60	59	34	53	13	6	69	46,8	66	30,6	60	46,2
	Murcia	41	44	29	37	10	3	55	36,8	56	26,1	47	33,5
	Navarra	72	53	25	46	12	5	77	39,9	58	24,7	49	33,5
	Comunidad Valenciana	44	50	29	39	11	4	55	36,5	58	25,8	45	38,3
	País Vasco	76	62	32	49	11	3	86	53,1	65	34,7	55	46,9
	Rioja	59	45	21	38	9	1	71	50,3	53	29,2	49	40,3

Fonte: ECCE.

CADRO 12

Lenguas vernáculas. Población de 6 años y más residente en...

QUE...	BALEARES		CATALUÑA		GALICIA		COMUNIDAD VALENCIANA		PAIS VASCO	
	Individuos	%	Individuos	%	Individuos	%	Individuos	%	Individuos	%
ENTIENDE										
– NADA	37.000	6,0	413.000	8,0	153.000	6,0	536.000	16,0	1.209.000	62,0
– CON DIFIC.	47.000	8,0	571.000	10,0	869.000	33,0	280.000	8,0	233.000	12,0
– BIEN	521.000	86,0	4.480.000	82,0	1.581.000	61,0	2.563.000	76,0	518.000	26,0
HABLA										
– NADA	109.000	18,0	1.275.000	23,0	21.500	8,0	1.156.000	34,0	1.273.000	65,0
– CON DIFIC.	53.000	9,0	813.000	15,0	948.000	36,0	361.000	11,0	199.000	10,0
– BIEN	442.000	73,0	3.375.000	62,0	1.440.000	55,0	1.863.000	55,0	488.000	25,0
LEE										
– NADA	222.000	37,0	1.450.000	27,0	694.000	27,0	1.575.000	47,0	1.305.000	67,0
– CON DIFIC.	146.000	24,0	991.000	18,0	1.128.000	43,0	752.000	22,0	236.000	12,0
– BIEN	237.000	39,0	3.023.000	55,0	780.000	30,0	1.053.000	31,0	420.000	21,0
ESCRIBE										
– NADA	361.000	60,0	2.385.000	44,0	986.000	38,0	2.389.000	71,0	1.321.000	67,0
– CON DIFIC.	125.000	21,0	1.410.000	26,0	1.143.000	44,0	560.000	17,0	251.000	13,0
– BIEN	119.000	19,0	1.668.000	30,0	473.000	18,8	431.000	13,0	388.000	20,0

Fonte: ECCE.

OS ORGANISMOS OFICIAIS E O LIBRO GALEGO

O artigo primeiro da *Carta do Libro*, aprobado pola UNESCO en Bruselas o ano 1971 leva por título:

"Todo o mundo ten dereito a ler"

Este dereito implica unha obriga nos responsables públicos, cando os houber, de cada comunidade lingüística. "A sociedade, di o corpo do artigo, debe obrar de maneira que toda persoa poida participar dos beneficios da lectura. Nun mundo onde o analfabetismo impide a unha grande parte da poboación achegarse ós libros, os gobernos teñen o deber de contribuír á eliminación deste andacio público. Deben estimula-la producción do material impreso necesario para a aprendizaxe da lectura e para a conservación da aptitude necesaria".

Desde que existe unha Administración Autonómica en Galicia foron varias as accións protectoras do libro galego por parte das distintas administracións públicas. A suma de todas elas vén resultando insuficiente para acada-lo nivel de producción editorial que precisamos.

Polo seu valor significativo analizaremo-las catro accións máis importantes en favor do libro galego.

1. Biblioteca Básica da Cultura Galega

Consegue a empresa privada Editorial Galaxia S.A. en 1981 que as catro Deputacións de Galicia lle subvencionen a financiación dunha biblioteca básica da cultura galega en cincuenta títulos: vintenove serían reedicións do propio fondo editorial de Galaxia e os vinteún títulos restantes serían encargados ós especialistas das distintas materias. As Deputacións financiaron a Biblioteca Básica a razón de un millón de pesetas

por cada un dos cincuenta títulos e a empresa editorial fai tiradas de 10.000 exemplares que ofrece a precios de mercado algo reducidos. Incomprensiblemente pódese ver nos catálogos dos distintos anos como se incrementan os precios destes libros xa financiados con fondos públicos (cadro nº 13). Os criterios de mercado que regulan estas subidas quedan máis claros no caso de libros de gran demanda escolar como sucede coa *Esmorga* de Blanco Amor, que pasou de 225 ptas. en 1983 a 350 ptas. no catálogo de 1985, mentras a maioría dos outros títulos subiron nos dous anos dez pesos. E se collemo-lo catálogo de 1986 veremos como os números 45, 46 e 47 casi duplican o precio chegando ás 400 ptas.

CADRO 13

	CATALOGO 1983	CATALOGO 1985	CATALOGO 1986
*40	VILLARDEVOS/**silvio santiago** 225	275	325
*41	NARRACIONS/**a. r. castelao** 275	325	375
*42	O PORCO DE PE/**vicente risco** 325	375	400
*43	O FIDALGO E OUTRAS NARRACIONS/ **r. otero pedrayo** 225	275	325
*44	PROSAS GALEGAS/**f. l. cuevillas** 275	325	350
*45	A ESMORGA/**e. blanco amor** 225	350	400
*46	DOS ARQUIVOS DO TRASNO/**rafael dieste** 225	300	400
*47	ESCOLA DE MENCIÑEIROS/**álvaro cunqueiro** 225	275	400

Con todo hai que recoñecer que esta axuda oficial ó libro galego ten un resultado, inda que moi limitado, positivo. No sucesivo habería que corrixi-las desviacións destes programas, conseguindo realizacións máis abertas e próximas á actualidade hetereoxénea de Galicia, e buscando que unha inversión pública tan importante repercuta máis no ben do colectivo de lectores galegos ca na reconversión, polo demais necesaria, dun só grupo editorial.

2. Bibliotecas Públicas Municipais

Nas *ENTREGAS de Comunicación Cultural* nº 13 de maio de 1985 infórmase que, dependendo dos Centros Provinciais Coordinadores de Bibliotecas, hai en Galicia 97 Bibliotecas Públicas e 10 Axencias de lectura. Estas unidades bibliotecarias reciben as máis importantes novidades editoriais que se producen no libro galego. Con todo, os seus fondos na lingua de Rosalía son escasos pois carecen de gran parte do publicado ata 1980. Esta rede bibliotecaria habería que ampliala ós 312 concellos desta Comunidade Autónoma e dotala de bibliotecarios profesionais, animadores culturais, que promocionen a lectura do libro galego. Esta actuación das Institucións Públicas induciría a que a empresa privada incrementase a producción editorial galega.

3. Orde do 12 de xuño de 1984

Nesta Orde da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia establécense as normas para a concesión de axudas á producción editorial do libro galego, que consiste na adquisición de 300 exemplares a precio de distribuidora, ou sexa co 50% de desconto. Este sistema que tamén existe en Cataluña para o libro catalán, foi rexeitado en parte polas editoriais máis fortes de Galicia ata que conseguiron que a Xunta pagase o 75% do precio de venda ó público. A incidencia desta Orde no volume de producción do libro galego foi máis ben escasa. Nese mesmo ano 1984 incluso chegou a baixar nun 5,5% o total de títulos producidos en galego.

4. Publicacións dos Organismos Oficiais

Dentro das Institucións que dispoñen en Galicia dun Servicio de Publicacións a máis importante é a Universidade de Santiago de Compostela. No cadro nº 14 aparecen as distintas coleccións do fondo deste Servicio, público e galego, de Publicacións. En dúas columnas indícase o desglose de obras publicadas en galego ou en castelán (intégranse neste grupo tres títulos aparecidos en portugués, italiano e inglés), segundo consta no recente *Catálogo de Publicacións-1986* da Universidade de Santiago de Compostela.

CADRO 14

COLECCIONS	EN GALEGO	EN CASTELAN
MONOGRAFIAS	2	119
CURSOS E CONGRESOS	2	45
HOMENAXES	3	15
REVISTAS	0	19
– VERBA	12	12
– Anexos de VERBA	1	26
DISCURSOS INAUGURAIS	2	35
CATALOGOS	0	18
OUTRAS PUBLICACIONS	5	45
LITERATURA GALEGA	25	0
TOTAL	52	334

A revista *VERBA, Anuario Galego de Filoloxía* aparece nas dúas columnas, pois ten traballos redactados en lingua galega e outros, máis do 50% están escritos noutras linguas, sobre todo en castelán.

Chama grandemente a atención que dos 27 Anexos da revista VERBA, a máis importante aportación á lingüística galega, soamente estea redactado en galego o traballo do Profesor Francisco G. Gondar: *O infinitivo conxugado en galego* e as seis páxinas da Introducción e o título do *Glosario de voces galegas de hoxe*, do Profesor Constantino García. Deste mesmo profesor é o primeiro dos discursos inaugurais pronunciado en lingua galega para o curso 1977-78. O segundo discurso inaugural en galego foi o do pasado curso 1985-86 a cargo do Profesor Puy Muñoz. Os 35 restantes foron pronunciados e publicados en castelán.

Dentro da Colección Literatura Galega están contabilizados os 13 folletos adicados a cada un dos autores titulares do Día das Letras Galegas de cada ano, que recollen unha escolma da súa obra. Tamén entran nos 25 títulos desta colección os oito números da revista de creación poética *DORNA*.

A presencia da lingua galega nas publicacións oficiais da Universidade Galega pódese dicir que é insignificante e signo manifesto da diglosia que invade a gran parte do profesorado universitario de Galicia.

As dúas fontes máis importantes de publicacións que ten hoxe a Xunta de Galicia son o Servicio Central de Publicacións da Consellería da Presidencia, que dirixe o Secretario Xeral Técnico X.A. García Cotarelo, e a Dirección Xeral do Patrimonio Artístico e Monumental, hoxe levada pola Profesora Raquel Casal García.

A producción editorial destes dous departamentos é moi desigual, e con frecuencia obedece ás ofertas dos autores e non a unha planificación das necesidades sociais. Esta política editorial de atención ó autor implica que a lingua na que se publica o libro non sempre depende do organismo editor senón máis ben da comodidade do autor. Polo que supón de adianto para a lingua galega hai que cita-la publicación do libro de texto de lingua latina para BUP *De onte a hoxe* do colectivo TRASANCOS, editado polo Servicio Central de Publicacións da Consellería de Presidencia e a colección Monografías do Patrimonio Monumental Galego, editada pola citada Dirección Xeral.

RESUME

1.– Son tan importantes as funcións individuais e sociais do libro que unha comunidade lingüística que non le na súa propia lingua caerá na dependencia total da sociedade propietaria da lingua en que fai as súas lecturas.

2.– Da comparación da producción editorial en lingua galega coas producións de países semellantes a Galicia que teñen xa as súas linguas normalizadas, conclúese que hai que multiplicar por dez a producción actual do libro galego para sermos unha comunidade lingüística editorialmente normalizada.

3.– A pesar da Autonomía Galega e dun Estatuto con máis de cinco anos de vida, en Galicia séguese editando máis libros e folletos en castelán que en galego.

4.– Analizando a producción de libros galegos desde 1970 descúbrese que o baixo ritmo de publicacións nos separa cada ano máis da normalidade editorial dos paises da nosa área cultural e económica.

5.– A producción editorial galega de 1985 é signo dunha industria editorial inestable (a maioría non son empresas consolidadas), insuficiente (deficiente nun 90%) e minifundista e, indirectamente, responsable da contaminación de libros casteláns que padece Galicia. Por cada título galego en 1985 houbo no mercado galego máis de cen títulos casteláns.

6.– Na recortada producción editorial galega sobran poemas e fan falla novelas, enciclopedias e libros técnicos.

7.– Este valeiro hai que enchelo fundamentalmente con traducións.

8.– A dispersión da poboación galega e o seu envellecimento dificultan a existencia de bibliotecas familiares.

9.– As bibliotecas públicas de Galicia cubren un tercio dos concellos galegos e o 95% dos seus fondos son libros impresos en lingua castelá. Ou sexa: dous tercios dos concellos galegos non teñen biblioteca pública, e os que a teñen dispoñen soamente dun 5% de libros galegos.

10.– A poboación galega ten un índice de analfabetismo (4,9% en 1975) máis baixo cá media española (6,6% en 1975); e pode ler en lingua galega con máis ou menos facilidade o 73% dos galegos maiores de seis anos. A lectura en galego non falla pola demanda potencial senón pola oferta real dos editores.

11.– Os esforzos dos Organismos Oficiais na promoción do libro galego son insuficientes e ás veces, como no caso da Biblioteca Básica (Deputacións/Galaxia), algo desviados das necesidades sociais. Neste capítulo é denunciable a falla de conciencia lingüística nun Organismo Público tan importante como o Servicio de Publicacións da Universidade de Galicia, que usa un orzamento público para potencia-la diglosia editorial de Galicia publicando máis do 83% en lingua castelá.

12.– Ata aquí o retrato do libro galego ata hoxe. Este libro galego que podiamos chamar "prenormal" só pode ser consumido "ingratamente" por masas de nenos escolarizados e con máis pracer por pais e fillos das minorías-académicas-burguesas-galeguistas.

13.– "Emporiso, ainda a risco de ser reiterativo, vólvese a teimar aquí sobre algo que xa se dixo nas páxinas devanceiras: o feito, que ninguén discute, de que agora se publiquen máis libros galegos non debe ser tomado sen máis esculca, como un índice incontrovertíbel do rexurdimento do noso idioma. Esa medra de publicacións galegas poidera encubrir unha situación de signo oposto. Nunha verba: que os nosos intelectuais poden seguir a engaiolarse co uso do galego, namentras o pobo esquence paseniñamente a súa propia lingua sustituíndoa polo castelán" (X. Cambre Mariño: *Galiza de hoxe*, 118).

14.– A normalización do mundo editorial galego é un labor complexo, a longo prazo, que precisa duns primeiros pasos moi urxentes. Galicia non pode seguir marxinada na "civilización do papel"; e o libro galego, por ser un ben cultural, non pode sen máis quedar indefenso ante as esixencias da economía de mercado.

15.– Neste labor de normalización editorial de Galicia, os poderes públicos teñen unha grande responsabilidade e totais competencias. O Estatuto de Autonomía de Galicia capacita ós políticos galegos no poder para

- que "a lingua propia de Galicia sexa –tamén na escrita– o galego" (Artigo 5º, 1)
- que "potencien o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa" (Artigo 5º, 3)
- que "ninguén poida ser discriminado por causa da lingua" (Artigo 5º, 4)

Esta función dos políticos galegos non é optativa, é unha asignatura obrigatoria pois, segundo di o Estatuto, "correspóndelle á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo" (Artigo 32), e non hai moitos valores culturais que estean por riba do nivel escrito da propia lingua. Para cumprir esta función o Estatuto de Galicia admite que "a Comunidade Autónoma poderá regular, crear e mante-la súa propia televisión, radio e prensa, e, en xeral, tódolos medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins" (Artigo 34, 3)

BIBLIOGRAFÍA

Anuario La Voz de Galicia. 1986. A Coruña, 1986.

El Libro Español. Madrid, 1970-1986.

Encuesta de Comportamiento Cultural de los Españoles. Ministerio de Cultura. Octubre 1986. Madrid, 1986.

Galicia en Cifras, Centro de Información Estadística. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 1985.

Statistical Yearbook 1983, UNESCO, 1983.

Barker R. - Escarpit, R.: *La faim de lire,* UNESCO, 1973.

Cambre Mariño, X.: *Galiza de hoxe,* Buenos Aires, 1973.

ÍNDICE XERAL

Páxs.

INTRODUCCIÓN 9

A PRODUCCIÓN DO LIBRO GALEGO 11

1. Número de habitantes por cada título anual 13
2. A lingua dos libros galegos 15
3. Producción de libros desde 1970 17
4. A producción editorial galega de 1985 19

A. Editoriais 19
B. Materias 25
C. Traduccións 28

OS LECTORES GALEGOS 31

1. Bibliotecas familiares 33
2. Bibliotecas públicas 42
3. Poboación lectora en Galicia 44

OS ORGANISMOS OFICIAIS E O LIBRO GALEGO 49

1. Biblioteca Básica da Cultura Galega 51
2. Bibliotecas públicas municipais 54
3. Orde do 12 de xuño de 1984 54
4. Publicacións dos Organismos Oficiais 55

RESUME 57

BIBLIOGRAFÍA 63

CONSELLO DA CVLTVRA GALEGA